



Expediente núm.: 1208/2024

Actividade: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Asunto: Convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2024, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia

Obra/servizo subvencionado: Proxecto técnico para actuacións de conservación, reposición e restauración do ambiente nas beiras do río Loña

Categoría profesional: Peón forestal

RESOLUCIÓN DE ALCALDIA

ASUNTO: Listado definitivo de admitidos/as e excluídos/as na selección de persoal laboral temporal no Concello do Pereiro de Aguiar, de catro (4) peóns forestais para a obra / servizo "Proxecto técnico para actuacións de conservación, reposición e restauración do ambiente nas beiras do río Loña".

Examinadas as solicitudes presentadas para participar no proceso selectivo de persoal laboral temporal no Concello do Pereiro de Aguiar, de catro (4) peóns forestais para a obra / servizo "Proxecto técnico para actuacións de conservación, reposición e restauración do ambiente nas beiras do río Loña", cuxas bases foron aprobadas por Resolución de Alcaldía núm. 2024 – 0506 de data 19 de xuño de 2024, e posteriormente publicadas, na sede electrónica deste Concello do Pereiro de Aguiar [<http://concellopereiro.sedelectronica.gal>] e na súa páxina web (www.concellopereiro.com) con data 19 de xuño de 2024.

Expirado o prazo de presentación de solicitudes con data 24 de xuño de 2024 e, consonte co disposto nas devanditas bases de selección,

RESOLVO:

Primeiro.- Declarar admitidos/as e excluídos/as provisionalmente ós/ás seguintes aspirantes:

LISTA DE ADMITIDOS/AS:

	APELIDOS E NOME	DNI
1	Álvarez Vázquez, Mauro	****4827*
2	Arias Vázquez, Anxo	****2395*
3	Bermudez Cachaldora, Antonio Alejandro	****3392*
4	Carballo Ocampo Francisco	****7443*
5	Forján Banco, Maria Inmaculada	****8886*
6	González Quintela, Manuel	****7892*
7	Mira Fernández, José	****9171*
8	Pereira Iglesias, José Antonio	****3700*





LISTA DE EXCLUÍDOS/AS:

Non hai.

Segundo.- Elevar as listas provisionais que anteceden a definitivas, por non ser necesario realizar ningún tipo de emenda, alegación ou reclamación polas persoas aspirantes participantes no presente proceso selectivo, ao reunir tódolos/as candidatos/as os requisitos e condicións esixidos nos artigos 3º, 4º, 5º e 9º das Bases que rexerán a selección de persoal laboral temporal no Concello do Pereiro de Aguiar ao abeiro da ORDE do 28 de decembro de 2023 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2024, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (códigos de procedemento PR483A, PR483B, PR483C e PR483D).

Terceiro.- O tribunal que xulgará estas probas selectivas será o seguinte:

Membros	Identidade
Presidente/a	José Antonio Cerdeira Pérez
Secretario/a	Sara González Prieto
Vogal	José Antonio Rodríguez Barros
Vogal	José Antonio González Gallego
Vogal	María Salomé Fernández Fernández

Cuarto.- Sinalar o vindeiro día 02 de xullo 2024, ás 08:50 horas, para a constitución do Tribunal Cualificador das probas selectivas das devanditas prazas, na Casa do Concello do Pereiro de Aguiar (Plaza do Concello nº1, O Pereiro de Aguiar).

Quinto.- Sinalar o vindeiro día 02 de xullo de 2024, ás 09:00 horas, na Casa do Concello do Pereiro de Aguiar, para a realización da seguinte proba:

- Ás 09:00 horas para a realización da proba práctica de coñecementos.

Sexto.- Os/as aspirantes deberán comparecer provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, e bolígrafo.

Sétimo.- Publicar a presente Resolución de relación provisional de admitidos/as e excluídos/as, na sede electrónica deste Concello do Pereiro de Aguiar [<http://concellopereiro.sedelectronica.gal>] e na súa páxina web (www.concellopereiro.com).

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, os/as interesados/as poderán interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á recepción desta notificación.
- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á notificación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Ourense (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso – Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

cuarta da Lei Orgánica 19/2003 do 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Así o acorda o Sr. alcalde, D. Luís Menor Pérez, no Pereiro de Aguiar; do que como secretario – Interventor dou fe aos exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O Alcalde,
Luís Menor Pérez

O Secretario – Interventor,
José Antonio Cerdeira Pérez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

RESOLUCIONS DE ALCALDIA
Número: 2024-0558 Data: 28/06/2024

Cod. Validación: 7T6XAP2RPNYGJLJTDKDDAS2
Corrección: <https://concelloperreiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3

